



CIRCULAR 59-2020

PRE-INSCRIPCIÓN VI CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB14 POR EQUIPOS

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Con vistas a confirmación da participación de equipos galegos no VI Campionato de España Sub 14 por equipos a celebrar os vindeiros 17 e 18 de Outubro en Nerja (Málaga), solicítase a todos os equipos participantes que manifesten o seu interese enviando un mail a direcciontecnica@atletismo.gal antes do venres 2 de Outubro e completar estadillo na intranet <https://isis.rfea.es/sirfea2/> con data límite o día 11 de outubro. O 12 de outubro comunicaranse os equipos clasificados.

O estadillo realizarase segundo as normas técnicas da competición (ver regulamentación do Campionato de España Sub14 por equipos) https://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2020/09_al_sub14EQU.pdf

Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e estar homologados, con marcas realizadas desde 1 de abril do 2019.

- Cada equipo estará formado por 8 atletas
- Cada atleta deberá realizar dúas probas (1 carreira e 1 concurso) e 5 deles realizarán o relevo 5x80.
- Cada proba individual será realizada por dous atletas de cada equipo.
- Un participante só poderá ser inscrito por un equipo

As probas a celebrar divídense en tres grupos e o relevo:

Carreiras: 80m, 1000m, 80mv e 2000 marcha

Saltos: Altura e lonxitude

Lanzamentos: Peso e xavelina

Relevos: 5x 80m

*o relevo non formará parte do estadillo.

* para a proba da marcha admitiranse rexistros de 3000 marcha.

A Coruña, 28 de setembro de 2020



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO
Avenida Glasgow, 13 - Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña - T. +34 981 291 683
federacion@atletismo.gal - atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo

Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo